

Esta sección da miña Web fíxose realidade gracias á amabilidade e os coñecementos do meu paisano e reencontrado amigo da infancia [Alejandro Valero Fernández](#), profesor de Inglés do IES María Guerrero de Collado Villalba (Madrid). Así mesmo agradece a tradución ó galego polos bolseiros do Departamento de Lingua Galega do Concello de Santiago e a coordinación de Amador Loureiro do Ciberlingua <http://www.ciberlingua.org>"

Unha vez que aprendemos na [Aula Tecnológica Siglo XXI](#) unha morea de cousas acerca das WebQuests é hora de nos pór mans á obra e elaborar nós unha dunha forma sinxela.

Calquera persoa, sen máis coñecementos que saber utilizar o navegador, estando conectada a Internet pode aquí elaborar on-line a súa propia WebQuest en forma dunha páxina web.

IMPORTANTE NOVIDADE Nesta nova versión do xerador hai que destacar como principal mellora o feito de que mediante un único e sinxelo procedemento común gárdanse ben as actividades creadas en calquera navegador.

Vexamos catro exemplos de WebQuest creadas co xerador:

- ✓ [Como deseñar ben unha páxina web.](#)
- ✓ [¿Como nos ven os fillos da Gran Bretaña?](#)
- ✓ [Sacándolle partido a Google](#)
- ✓ [¡¡Googleando!!](#)
- ✓ [Este son eu](#)
- ✓ [Cando os anxos choran](#)
- ✓ [Mappe concettuali nella professione docente](#) percorso dei auto formazione per insegnanti ed educatori, costruito secondo il modello della "Webquest"

É recomendable crear unha carpeta no teu disco duro onde gardarás a páxina web xerada e onde previamente porás as imaxes que desexas incluír nela, arquivos *.gif (poden ser animados) e *.jpg.



O formato GIF (Graphics Interchange Format) emprégase con imaxes de 256 cores, polo que é máis apropiado para iconas e debuxos. O método de compresión que usa fai que non perda calidade, de modo que ao descomprimir a imaxe queda como o orixinal sen premer.




O formato de compresión JPG (ou .jpeg, Joint Photographics Experts Group) é adecuado para fotos de 16.7 millóns de cores. O grao de compresión pódese regular ao gardar o arquivo neste formato, de modo que máis calidade supón menos compresión. Para nos facer unha idea sobre isto: unha foto de 800x600 en formato BMP ocupa uns 1.400 Kb, en JPG uns 75 Kb.

A creación da carpeta podes facelo desde O MEU PC de Windows



e chamala por exemplo

A_miña_WebQuest. Para iso preme sobre Ficheiro/Novo/Carpeta:



Aparecerache:



A continuación seleccionaa co rato, calca sobre: **Ficheiro>Cambiar nome e nomeaa**



e nomeaa por exemplo



A_miña_WebQuest ou o nome que máis che


guste.

Só se precísan tres pasos para elaborar a túa WebQuest:



que che explicamos pormenorizadamente a

continuación, pero dada a súa simplicidade se cadra resulta máis didáctico entres directamente ou o tentes sen máis, e se tes dúbidas tornas ás explicacións despois de terlle botado unha primeira ollada.



1

Introducir os datos nos campos correspondentes: Título do Proxecto, Autor/a, Área, Nivel, Dirección de correo electrónico, Palabras chave, Descrición, Introducción, Tarefa, Proceso, Recursos, Avaliación, Conclusión e Créditos.

Se temos o texto escrito noutro documento electrónico podemos "Copiar" e "Pegar".



Todos os campos (agás Autor/a, Área, e-mail e Nivel) son opcionais, non é obrigatorio cubrilos, os que deixes en branco non aparecerán na páxina Web xerada.



Descrición: É unha breve descrición da páxina creada. Por exemplo: "WebQuest sobre as baleas para estudantes de primaria". Isto mellora a búsqueda desta páxina mediante os buscadores.



En "Palabras chave" escribimos unha serie de palabras que servirán ós motores de busca para que cataloguen a nosa páxina. As palabras e expresións que utilizemos deben separarse por comas, por exemplo **webquest, ensino, actividades en Internet**. Posteriormente, cando un usuario acuda a un buscador e busque, por exemplo, a palabra "WebQuest" ou a expresión "Actividades de ensino usando Internet", obterá unha multitude de entradas, entre elas probablemente a da nosa páxina e poderá visitala sen necesidade de saber previamente a súa dirección de Internet.



Podes seleccionar o tipo de letra, a cor do texto e a cor de fondo da páxina marcando nas opcións correspondentes.

Na imaxe inferior vemos como un usuario seleccionou (facendo clic na opción correspondente) **Arial** como tipo de letra, marrón como cor do texto e branco como cor de fondo.


Tipo de letra: Arial ☒ Arial ☐ Verdana ☐ Times New Roman ☐ Xeorxia ☐ Trebuchet ☐ Taboma	Cor de texto: #000000 ☒ Cor ☐ Cor ☐ Cor ☐ Cor ☐ Cor ☐ Cor	Cor de fondo: #FFFFFF
---	---	--

- Se desexas algunha cor que non está dispoñíbel podes introducir o seu código. Na linguaxe HTML cada cor ten un código formado por números e letras, [calca aquí para ver unha lista de códigos](#).
- Se desexas algún tipo de letra que non está dispoñíbel podes introducir o seu nome no campo correspondente.

O seguinte menú despregábel ten unha listaxe cos nomes das fontes mais populares.

Abadi MT Condensed 

Teña en conta que cando o navegador dun visitante descarga unha páxina dun sitio web, só pode visualizar as fontes que están instaladas no seu sistema. ¿Que ocorre cando unha fonte dunha páxina non estea dispoñíbel no sistema do visitante? Visualízase entón a páxina coa fonte predeterminada do navegador (xeralmente, Times New Roman, Arial e Courier New en Windows e Estafes, Helvetica e Courier no sistema operativo Mac). Por iso nas súas páxinas Web, utilice aquelas fontes que poidan estar con maior probabilidade nos sistemas dos visitantes.



 Podes escoller tamén o tamaño de letra nun menú despregábel. Con iso cambiase o tamaño do texto normal e os demais tamaños (o pequeno dos marcadores e o maior do título) aparecerán nun tamaño proporcional ao que escolleras.

 Podes pór como fondo de páxina unha imaxe co fin de facela máis atractiva e, en definitiva, de aumentar a motivación do alumno, por exemplo a páxina que estás lendo usa unha imaxe como fondo.

Da mesma forma que podes pintar ou empapelar unha parede podes "empapelar" unha páxina cunha imaxe. Un Explorador normalmente realiza un mosaico cunha imaxe para cubrir o fondo por completo polo que non hai necesidade de usar unha imaxe grande. De feito canto menor sexa a imaxe, máis rápido será o proceso de descarga no explorador. A velocidade é sempre unha consideración importante, xa que os visitantes da túa páxina poderían pasarse a outra se a túa tarda demasiado tempo en se descargar. Non todas as imaxes poden usarse como fondo, por exemplo un gráfico pormenorizado da nave da Guerra das Galaxias pode non só dominar a pantalla, senón tamén facer que o texto da súa páxina sexa ilexíbel. As imaxes de fondo máis efectivas son pequenas e con texturas, que poden ser repetidas unha tras outra ata formar un fondo completo, proporcionando un fondo grato que non domine a páxina.

Para especificar unha imaxe para o fondo da páxina debes escribir o nome do arquivo gráfico que desexas pór como fondo de páxina por exemplo `liñafondo.gif` no campo **Textura:** que debes poñer previamente na carpeta `A_miña_Webquest`.

Textura de fondo:

 Podemos inserir imaxes en todos os apartados da nosa WebQuest, o que merece unha explicación detallada. Deamos por suposto que estes arquivos de imaxe se encontran na carpeta `A_miña_WebQuest`, así para inserir unha imaxe simplemente teremos que introducir o seu nome coa súa extensión podendo escoller se desexamos que se

aliñe á esquerda, no centro ou á dereita.

INTRODUCCIÓN: Imaxe: Aliñación: ☐ Esq. ☒ Centro ☐ Drta.

Vexámolo cun exemplo:

Colocamos en A_miña_WebQuest a imaxe [dedos.gif](#) , e no campo Imaxe: [pomos dedos.gif](#) , se a aliñación escollida é Esq. aparecerá:

INTRODUCCIÓN:



Onde se lle proporciona ó alumno a información inicial da actividade e se lle trata de motivar e despertar mostrándolla atractiva e divertida.

Se a aliñación escollida é Centro aparecerá:

INTRODUCCIÓN:



Onde se lle proporciona ó alumno a información inicial da actividade e se lle trata de motivar e despertar mostrándolla atractiva e divertida.

Se a aliñación escollida é Drta. aparecerá:

INTRODUCCIÓN:

Onde se lle proporciona ó alumno a información inicial da actividade e se lle trata de motivar e despertar mostrándolla atractiva e divertida.



En todos os campos de texto onde pomos a Introducción, a tarefa etc observarás que aparece o botón o que é moi importante para que nos quede un bo deseño. Este botón permítenos ao premelo unha vez inserir un salto de liña, vexámolo cun exemplo:

Supoñamos que a tarefa é:

Durante catro períodos de clase ides navegar por Internet (no instituto e na casa). Coa axuda das informacións da Web ides a...

1. Buscar un aloxamento céntrico e barato en Compostela.
2. Encontrar as atraccións turísticas máis importantes.
3. Investigar en que medio de locomoción podesdes chegar a Compostela.

Para que na nosa páxina final apareza así no campo de texto tarefa teclearemos:

☒ Durante catro períodos de clase ides navegar por Internet (no instituto e na casa). Coa axuda das informacións da Web ides a...

☒ A continuación premeremos dúas veces así introduciremos un punto e aparte.

☒ Escribimos: 1. Buscar un aloxamento céntrico e barato en Compostela. e prememos unha vez

✓ **Escribimos:** 2. Encontrar as atraccións turísticas máis importantes. e prememos unha vez

Salto de liña

✓ **Escribimos:** 3. Investigar en que medio de locomoción podedes chegar a Compostela.

No xerador veremos:

TAREFA:	Imaxe: nomelmaxe.jpg	Aliñación: ☐ Esq. ☒ Centro ☐ Dta.
Salto de liña	Durante catro períodos de clase ides navegar por Internet (no instituto e na casa). Coa axuda das informacións da Web ides a...

Buscar un aloxamento céntrico e barato en Compostela.
Encontrar as atraccións turísticas máis importantes.
Investigar en que medio de locomoción podedes chegar a Compostela.	

Cada vez que calcamos

Salto de liña

 introducimos o código necesario para iso
 (tamén o podemos facer manualmente), e na páxina Web xerada veremos:

Tarefa:	Durante catro períodos de clase ides navegar por Internet (no instituto e na casa). Coa axuda das informacións da Web ides a...
	1. Buscar un aloxamento céntrico e barato en Compostela. 2. Encontrar as atraccións turísticas máis importantes. 3. Investigar en que medio de locomoción podedes chegar a Compostela.



No apartado "Recursos" podemos introducir ata 15 direccións de Internet sen máis que cubrir o campo descrición e a URL correspondente.

Descrición:	URLs:
Ej.: Google: el mejor buscador	http://www.google.com
Aula Tecnológica Siglo XXI	http://www.aula21.net
El periódico "El País"	http://www.elpais.es
	http://
	http://



Cremos que quince é un número de direccións de Internet suficiente na maioría dos casos, pero se un profesor quere engadir algunha dirección máis pode facelo. Supoñamos que queremos engadir os seguintes recursos:

Outros museos importantes:

Museo de Arte Moderna (MOMA). Nova York:

<http://www.moma.org>

O Louvre: <http://www.louvre.fr>

Para iso no apartado "Máis ligazóns" poñeremos:

--

Máis ligazóns:	Ex.:Vieiros: http://www.vieiros.com
Salto de liña	Outros museos importantes:
Ligazón	Museo de Arte Moderna(MOMA) .Nova York:http://www.moma.org O Louvre:http://www.louvre.fr

Cada vez que queiramos engadir unha ligazón calcaremos en: Ligazón e apareceranos:

Descrición: http://ligazón

onde substituiremos "Descrición" por exemplo por "Museo de Arte Moderna (MOMA).Nova York:" e "ligazón" por www.moma.org

 En todos os apartados da tua WebQuest atoparás os botóns:

- Negriña Ó pulsalo apareceche negriña. Debes substituír a palabra *negriña* polo texto que desexas que apareza en negriña. Por exemplo, se desexamos que a palabra WebQuest apareza en negriña debemos poñer: Caza e na páxina Web xenerada apareceranos **WebQuest**
- Cursiva Ó pulsalo apareceche <i>cursiva</i>. Entre ditas etiquetas debes poñer o texto que desexas que apareza en cursiva.

Xerar a páxina web.

Unha vez elaborado o teu proxecto debes seleccionar en primeiro lugar unha das seguintes opcións se desexas posteriormente imprimir o teu traballo:

Opcións de impresión para a WebQuest creada:

- ☐ Deseño de WebQuest para imprimir, sen marcadores e a toda páxina.
- ☐ Para imprimir o texto coa cor escollida e fondo branco.

 De forma predeterminada a páxina imprímese:

- Con marcadores e deseño claro para que se lea ben en pantaia.
- O texto imprímese en negro sobre fondo branco, sexan cales sexan as cores do texto e fondo seleccionados.

 Tes dúas opcións para modificar o que está predeterminado:

1. ☐ Deseño de WebQuest para imprimir, sen marcadores e a toda páxina.
2. ☐ Para imprimir o texto coa cor escollida e fondo branco. Podes escoller que o texto se imprima coa cor escollida, pero advírtoche que o fondo vai ser sempre branco (por defecto nos navegadores), polo cal ten en conta que se escolles unha cor clara de texto, pode que non se lea ben.

Por último has de pulsar en **CREAR A WEBQUEST** , e ó facelo poderás ver o resultado do teu traballo na mesma xanela do navegador.

 Non te preocupes se na páxina xerada non ves as imaxes inseridas, cando abras o arquivo definitivo **A_miña_Webquest.htm** que nun terceiro paso gardarás na carpeta **A_miña_WebQuest** verás que as imaxes aparecen perfectamente.

 Se desexas cambiar algo que non te satisfai, volve á páxina do xerador pulsando o botón **Atrás** do teu navegador e, unha vez efectuadas as modificacións, volve a pulsar o botón **CREAR A WEBQUEST**

 Se desexas imprimir a tua páxina pulsa **Arquivo/Imprimir** no menú do teu navegador.

3 Gardar a páxina Web creada.

 Garda a páxina co menú **Arquivo/Gardar como.../Páxina web**, só HTML.

 A páxina así gardada se pode modificar con calquera programa de HTML (por exemplo Dreamweaver , HTML Kit, Composer e FronPage).

 Se desexas publicala en Internet simplemente has de subir ao servidor a carpeta **A_miña_WebQuest** con todo o seu contido, arquivos e imaxes (se a publicas rogámosche que nos mandes a dirección para ligala desde a nosa páxina).

 A páxina web creada con este xerador cumpre coas normas do World Wide Web Consortium relativas á linguaxe HTML 4.01. Pódese incluír o seguinte logo ao final da páxina creada: . De todas as formas, é conveniente validar a páxina na web do W3C: <http://validator.w3.org/>

Por favor a túa opinión interésanos, unha vez utilizases "1,2,3 a túa WebQuest" rechea a seguinte enquisa:

Nome:	
E-mail	
¿Qué problema ou dificultade detectaches?	
¿Qué melloras introducirías nunha nova versión de "1,2,3 a túa WebQuest"?	

Califica "1,2,3 a túa WebQuest" de 1 a 10. 1 

Enviar